


Programa USC EMPRENDE



PRIMEIRA CONVOCATORIA INCUBA EMPRENDE

USC EMPRENDE: Nova Estratexia de Impulso do Empredemento na USC

23 de xaneiro de 2026

Contido

1	Información xeral	3
2	Requisitos de participación	3
3	Proceso de inscrición	4
4	Fases de programa	4
5	Criterios de avaliación	5
6	Desenvolvemento do programa	5
7	Aceptación das bases	7
8	Tratamento de datos persoais	7
9	Imaxe	7

1 Información xeral

USC-EMPRENDE é unha iniciativa da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento para impulsar a cultura emprendedora na USC, en liña co seu compromiso coa transferencia de coñecemento e co obxectivo estratéxico de fomentar o emprendemento como motor de desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia.

INCUBA EMPRENDE, é o programa de incubación de USC-EMPRENDE que desenvolverá a súa primeira edición durante o curso académico 2025-2026 co obxectivo de axudar a definir e **impulsar ideas e proxectos emprendedores da comunidade universitaria** con potencial desde a súa orixe ata a súa consolidación, espallando a cultura emprendedora e innovadora como motor de transformación social, económica e cultural.

O programa INCUBA EMPRENDE conta con unha **rede de espazos USC EMPRENDE** orientados á formación e ao desenvolvemento de proxectos emprendedores, integrados no propio programa e distribuídos nos campus de Santiago e Lugo en distintas facultades e escolas técnicas. Estes espazos están concibidos como contornas funcionais para a aprendizaxe aplicada, o traballo colaborativo e a maduración de ideas empresariais. O programa dispón dun **itinerario formativo modular**, o “Campus de emprendemento”, composto por cinco módulos clave (modelo de negocio, análise de mercado, planificación organizativa, planificación financeira e presentación de proxectos), impartidos por profesionais especializados e cun **enfoque teórico-práctico flexible, adaptado ás necesidades de cada participante**.

Adicionalmente, INCUBA EMPRENDE ofrece un sistema de **mentorización personalizada** e seguimento continuo, asignando a cada proxecto unha persoa mentora con experiencia empresarial acorde ao seu perfil e sector, co obxectivo de reforzar a toma de decisións estratéxicas, o acceso a coñecemento experto, redes de contacto e apoio motivacional. O programa inclúe tamén o recoñecemento formal das actividades realizadas mediante certificación, con posibilidade de **obtención de un créditos ECTS** para o alumnado da USC, así como a conexión activa co ecosistema galego e nacional de innovación e emprendemento. Este conxunto de actuacións complétase con accións adicionais de USC EMPRENDE, articuladas a partir dunha avaliación continua das necesidades e avance de cada proxecto.

2 Requisitos de participación

Así poderán participar en INCUBA EMPRENDE emprendedores individuais ou en equipos que cumpran os seguintes requisitos:

- Estudantado (grado, máster, doutorado).
- Persoal docente e investigador (PDI).
- Persoal de administración e servizos (PAS).

- Persoas egrasadas nos últimos 24 meses.

Polo menos un membro del equipo deberá cumprir un dos vínculos anteriores.

As ideas e proxectos deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Iniciativas en fase idea, validación ou prototipo, con potencial de mercado.
- Admitiranse proxectos xa constituídos como empresa con antigüidade < 12 meses.
- Compromiso para participar activamente nas actividades do programa.

INCUBA EMPRENDE está aberto a todos os sectores e ámbitos de actuación: ciencia e tecnoloxía, humanidades e ciencias sociais, saúde, TIC, economía circular, etc...

3 Proceso de inscrición

O prazo para realizar a inscrición estará aberta dende o **23 de xaneiro de 2026 ao 23 de febreiro de 2026**.

Durante este período, as persoas interesadas deberán rexistrarse a través do seguinte Forms: <https://forms.cloud.microsoft/e/QH5jEZu5Ay?origin=lprLink>

Para máis información ou consultas, pódese contactar a través de avte@usc.es.

4 Fases de programa

- Fase 1: Admisión: verificación de elixibilidade e documentación.
- Fase 2: Avaliación técnica segundo o punto quinto das presentes bases
- Fase 3: Entrevista
- Fase 4: Resolución: Comité de Selección, composto polo personal da AVTE, coordinadores de emprendemento e expertos externos.
- Fase 5. Inicio Incuba Emprende
- Fase 6. Ao comezo do programa realizarase unha folla de ruta na que se definira o plan de traballo e os pasos a seguir.
- Fase 7. Demo day final.

A resolución publicárase na páxina web do AVTE e notificarase por email.

As persoas e equipos seleccionados deberán aceptar en 5 días hábiles. En caso de renuncia ou non aceptación, contactarase coa lista de reserva.

5 Criterios de avaliación

Cada unha das candidaturas será avaliada, valorándose cun máximo de 110 puntos segundo os seguintes criterios:

- **Idea: Grao de innovación, potencial...** 20 puntos máximo.
- **Viabilidade técnica do proxecto:** 20 puntos máximo.
- **Equipo de traballo:** 20 puntos máximo.
- **Mercado, clientes potenciais, escalado...** 20 puntos máximo.
- **Viabilidade económico-financeira:** 20 puntos máximo.
- **Impacto na sociedade e contribución aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS):** 10 puntos máximo.

Establecese como requisito de admisión acadar un mínimo de 55 puntos. A fase de entrevista poderá axustar $\pm 10\%$ da puntuación técnica.

6 Desenvolvemento do programa

Unha vez seleccionados, as persoas participantes realizarán una entrevista inicial de orientación no que se definirá iniciarán unha fase de definición estratéxica, na que se realizará unha **folla de ruta** e se definirá un plan de traballo inicial no que se incluírá entre outros aspectos:

- Obxectivos clave a curto e medio prazo.
- Etapas de desenvolvemento estruturadas segundo as necesidades identificadas.
- Recursos e servizos ofertados para garantir o desenvolvemento da iniciativa.
- Uso dos espazos.
- Fitos a alcanzar ao longo do programa.

Cada iniciativa contará coa asignación dun **titor de proxecto**, quen ofrecerá apoio na execución do seu plan de traballo.

De este xeito, o Programa INCUBA EMPRENDE proporciona un acompañamento sólido, ofrecendo apoio ás iniciativas cos seguintes tipos de accións:

- **Espazos USC EMPRENDE:** Zonas deseñadas para a realización de distintas accións formativas que estarán integradas no programa INCUBA EMPRENDE. Ademais terán espazos deseñados para traballar no desenvolvemento de ideas e proxectos emprendedores. Estes espazos estarán localizados en:
 - **Campus de Santiago:**
 - Facultade de Filoloxía.
 - Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
 - Escola Técnica Superior de Enxeñería.

- Facultade de Ciencias da Educación.
 - **Campus de Lugo:**
 - Facultade de Administración e Dirección de Empresas.
 - Escola Politécnica Superior de Enxeñería.
- **Mentorización e seguimento continuo:** cada proxecto contará con unha mentora ou mentor, que acompañará, guiará e inspirará aos emprendedores no desenvolvemento das súas iniciativas, abarcando tanto aspectos técnicos como estratéxicos. INCUBA EMPRENDE identificará dentro da súa rede de mentores a aquela que mellor se adapte ao perfil e necesidades de cada emprendedor e proxecto. Con este *matching* búscase maximizar as vantaxes de contar cun mentor con experiencia: acceso a experiencia e coñecemento, maior visión estratéxica baseada na experiencia, contactos e coñecemento dos ecosistemas sectoriais e empresariais e apoio motivacional.
- **Formación:** porase en marcha un programa formativo denominado “Campus de emprendemento” que consta de cinco módulos: 1. Modelo canvas; 2. Estudo de mercado; 3. Plan organizativo; 4. Plan financeiro; 5. Presentación de proxectos. Os módulos, impartidos por profesionais con ampla experiencia en cada temática, combinarán unha parte teórica con unha parte práctica adaptada ás necesidades dos participantes. Cada emprendedor poderá participar nos módulos nos que precise ampliar coñecementos.
- **Recoñecemento das actividades realizadas:** Realizarase un recoñecemento formal das actividades e temáticas nas que participe cada emprendedor, emitindo unha certificación. No caso de alumnos da USC, poderán obter un crédito ECTS cando alcancen un mínimo de 25 horas, contabilizando todas as actividades de USC EMPRENDE.
- **Conexión co ecosistema:** Promoverase e facilitarase a conexión dos proxectos participantes co ecosistema de innovación e emprendemento galego e nacional. Este ecosistema está formado por actores, recursos e redes que impulsan e facilitan o nacemento, crecemento e consolidación de novos proxectos emprendedores.
- **Demo-Day INCUBA EMPRENDE:** Evento final de presentación dos proxectos en formato pitch, para o que se desenvolverán accións específicas de formación e asesoramento individual.
- **Entrega de premios:** Optarán a recoñecementos e premios as mellores ideas/proxectos que entren en Incuba-Emprende.

Este conxunto de medidas poderase complementar con outras actividades coas que conta USC EMPRENDE, facilitando cubrir aqueles aspectos relevantes para cada proxecto participante. Para iso realizarase un seguimento continuo do avance e necesidades de cada proxecto, realizando unha proposta de derivacións e participación en distintas iniciativas.

7 Aceptación das bases

A participación no Programa INCUBA EMPRENDE , mediante a presente convocatoria, supón a aceptación destas bases, sen salvedades nin condicionantes, así como calquera resolución que se puidera producir. A interpretación das bases correspóndelle á organización. As decisións tomadas polo panel de expertos serán inapelables.

As informacións que o programa pida aos participantes compromete aos mesmos a que todos os datos aportados sexan orixinais e fidedignos.

A organización resérvase o dereito de excluír do programa a calquera participante que non amose interese no mesmo nin colabore adecuadamente coa equipa da que forma parte.

8 Tratamento de datos persoais

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) comprométese a manter a confidencialidade dos datos presentados polos participantes. En calquera caso, poderanse difundir características xerais do proxecto e, no seu momento, información coma o logotipo, a actividade, principais logros e nome das persoas integrantes do equipo.

Os participantes comprométense, á súa vez, a manter a confidencialidade sobre os resultados de investigación da Universidade de Santiago de Compostela postos a súa disposición, sempre e cando non sexan de dominio público.

9 Imaxe

Os participantes no Programa USC-EMPRENDE aceptan e autorizan a publicación da súa imaxe en medios de comunicación e internet para a promoción do programa. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito nas direccións de correo electrónico: **avte@usc.es**